

O Centre de Cultura Contemporànea de Barcelona -CCCB- presenta deica o vindeiro día 17 a exposición *A Trieste de Magris*. Non se trata dunha promoción turística, senón dunha recreación sentimental e intelectual desta peculiar cidade adriática. Unha exposición que sabe reproducir con moito acerto as atmosferas que ao longo da súa historia fixeron de Trieste unha cidade distinta. *Trst*, en esloveno, e *Triest* en friulanon, é a cidade das mil caras.

Cabería dicir de moitas urbes que, alén dun corpo físico -a súa xeografía- e dunha alma -os seus habitantes-, posúen aquilo que os teósofos -Risco entre nós- colleron prestado do hinduísmo e que se coñece por karma, a vontade de ser para seguir sendo. O corpo astral que, xeración tras xeración, colle forma física renovada mais sen alterar a esencia.

A xeografía abstractas semellantes -ruas, prazas, edificios- cabe opor a modelación que delas fai cadansúa alma, cadanseus poboadores. Afirmaba algún que para coñecer unha cidade cómpre ir aos mercados e ás estacións de tren. Iso sería antes. Hoxe poucos somos os que viaxamos en tren e

*O Imperio
Austrohúngaro
fixo de Trieste un
laboratorio de
pluralidade*

as librarías, os cafés, as tabernas. Naqueles espazos donde non ouviremos falar linguas distintas da local.

E Trieste está conformada polo mar -é o fondo do saco do Adriático, po-



Monumento a James Joyce, en Trieste.

A cidade poliédrica

Magris, saudade, Trieste

JOAQUIM VENTURA

la bora -o vento de máis de 80 km/h que non altera a cotidianidade- e polas pedras cárticas -elo entre os Alpes Xulianos e mais os Cárpatos- de erosión doada e insólita e que foron escenario de duras batallas na Primeira Guerra Mundial e, nas foibe, da execución de sospeitosos de fascismo por parte das guerrillas de Tito.

Cidade do ámbito bizantino, foi libre ata a conquista franca. De vocación italiana, foi austríaca desde o século XIV -era a única saída ao mar do imperio- deica 1918. Foi porto franco e Viena non tivo máis alter-



Claudio Magris.

nativa que aceptar a súa pluralidade lingüística e relixiosa (ten nove cemiterios). E no CCCB o visitante poderá escoitar o himno composto por Haydn para Francisco II, o

emperador xermánico, nas máis de quince linguas faladas en Trieste.

Pero para comprender a alma de Trieste cómpre ir dous séculos atrás. Se o Imperio Austrohúngaro,

malia todo, foi o máis plural dos grandes estados europeos, en Trieste fixo un laboratorio de pluralidade, o que hoxe chamáramos multietnicidade e que asociáramos a Nova

York ou a Londres. En Trieste desapareceron as fronteiras entre os barrios de italianos e furlanos, xudeus, eslavos, xermánicos, húngaros ou rutenos: aútesos os guetos, Trieste foi o non lugar, o non luogo que definiu Magris, un limbo donde todo era posible.

E esa mesma condición plural debuxou a fisonomía da cidade. Trieste foi veciña e rival de Venecia, pola banda itálica, e de Rijeka -a antiga Fiume, hoxe croata-, situada na outra banda da península de Istria (dividida desde 1947 entre Italia e Iugoslavia, agora Eslovenia e Croacia). E a iso non serían alleos o chamado *incidente de Fiume* protagonizado por D'Annunzio entre 1919 e 1920 e a proclamación das leis raciais italianas, feita por Mussolini en 1938.

Porén, o ultranacionalismo fascista e a ocupación nazi que seguiu á súa caída racharon o fráxil tecido da pluralidade. La Risiera, un antigo limpador de arroz no barrio de San Sabba, foi o único campo de exterminación, co seu crematorio, que houbo en Italia. E despois da división de Istria que seguiu á guerra, a Trieste en 1954 chegaron millares de istrianos de fala italiana, procedentes da nova zona iugoslava da península, fuxidos polo temor de represalias polas agresións fascistas contra os eslovenos entre 1920 e 1944. Cos seus mobles e coas súas maletas, que ficaron nos almacéns do porto, onde seguen intactos sen que ninguén xa os reclame, a maneira de testemuña do medo, do odio, da destrución das identidades. Unha testemuña que lembraron escritores istrianos como Marisa Madieri -esposa de Magris- e Fulvio Tomizza e eslovenos como Boris Pahor, Srečko Kosovel ou Alojz Rebula.

A exposición inclúe as innovacións que, no campo da psiquiatría, aplicou o doutor Franco Besaglia, director do hospital San Giovanni, simbolizadas no Marco Cavallo, ideado polos pacientes en lembranza do cabalete que repartía a roupa e que baixaron, á maneira troiana, ao centro da cidade para rachar con séculos de marxinación. Alén, en Trieste Edoardo Weiss, discípulo de Freud, foi o primeiro en aplicar a psicoanálise.

E se, ademais de razón, a cultura é leer, velaí a librería Antiquaria, o "antro negro e escuro" que durante corenta anos dirixiu Umberto Saba -fillo de ita-

liano e de xudía-, democratizador da lectura e do uso do toscano. Ou a Caffé San Marco, a piques de cumprir intacto o seu primeiro século, o máis coñecido dos cafés históricos de Trieste, e compañeiro do Caffé dos Espellos que señoa na Piazza Unità.

Entre os escritores que fixeron de Trieste a súa patria, alí foi procurar acougo -se ben que relativo- James Joyce entre 1905 e 1915, tras o fracaso de residir en Zurich e de estar un ano na cidade istria de Pula. Porén, aquel exilio éralle unha gaiola e caeu na frivolidade verbo do diñeiro e o alcol. En Trieste publicou o seu primeiro libro de poe-



mas (*Music Chamber*), escribiu *Dublinenses*, encetou o seu *Ulises* e coñeceu a Italo Svevo.

Este escritor, de nome real Hector

Postal cunha vista de Trieste a comezos do século XX.

Schmitz, proviña dos xudeus alemáns da Transilvania. Casado coa filla dun importante fabricante de barnices antiincrustantes para barcos -non esquezamos a importancia naval de Trieste- traballou na Veneziani ata o final da súa vida. Daquela experiencia tirou *A conciencia de Ze-*

no (1923), as memorias dun psiconalizador que procura as razóns do seu tabaquismo: unha das obras capitais na historia da literatura do século XX.